



COMUNICADO DA PLATAFORMA EN DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO ANTE O REAL DECRETO DE ESPECIALIDADES DE SECUNDARIA

O borrador de RD de Especialidades de Secundaria que presentou o MECD ten en común coa LOMCE a xeración de máis recortes a través da nova configuración de materias, o que se traduce nunha absurda imposición de medidas para que o profesorado imparta determinadas especialidades independentemente da preparación técnica, pedagóxica e didáctica que teña das mesmas, o que ten como consecuencia inmediata o deterioro da calidade do sistema educativo que sufrirá o alumnado con toda seguridade, e en paralelo, o empeoramento das condicións de traballo do profesorado, vulnerando os seus dereitos. Por iso, as organizacións pertencentes á comunidade educativa rexeitamos totalmente o borrador e propomos a retirada do mesmo, xa que lonxe de solucionar os problemas xurdidos coas especialidades, os agrava.

Rexeitamos o borrador de RD de Especialidades porque promove a posibilidade de obrigar ao profesorado a impartir materias nas que non é especialista e para as que puidese non ter a formación pedagóxica e didáctica necesaria. Por outra banda, introduce elementos discrecionais de extraordinario calado que eliminan as garantías de contratación pública, xa que permite a contratación directa de persoas sen respectar os criterios de igualdade, mérito e capacidade. Con todo, non fixa unhas mínimas condicións homologables para o acceso ao emprego público en réxime de interinidade. Neste sentido, a norma terá como consecuencia inmediata o deterioro da calidade do ensino. As consecuencias que a desregulación e a precarización no emprego docente teñen sobre a calidade da educación que recibe o alumnado, como resultado da contrarreforma educativa, constátanse cada día nos centros.

O RD de Especialidades invade ámbitos que non lle son propios, como a formación inicial do profesorado ou a provisión de vacantes, entre outros. Pero o esencial, son os elementos de desregulación que introduce pola vía da ampliación das atribucións docentes das diferentes especialidades, o que conlevará unha nova reconversión dos exiguos cadros de persoal actuais, o que unido aos efectos producidos pola limitación da taxa de reposición terá un resultado negativo sobre a estabilidade das plantillas e cupos dos centros.

En definitiva, a Plataforma en Defensa do Ensino Público manifesta o seu máis absoluto rexeitamento ao borrador de RD que presentou o MECD, xa que non servirá para arranxar o desaguisado que a LOMCE xerou coa modificación e nova categorización e catalogación de materias, coa cronificación dos recortes e a inestabilidade dos cadros de persoal, consecuencia das decenas de miles de prazas amortizadas pola limitación da taxa de reposición e provocará unha nova perda de calidade do sistema educativo.

Así mesmo, as organizacións que compoñen a Plataforma anuncian que se o borrador do RD fose aprobado co contido actual, promoverán actuacións xudiciais contra o mesmo axiña que sexa posible.

Compostela, 12 de decembro de 2014

